XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

# FICHA RESUME

**PE 410A 2008/5-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2009 |
| **Entidade** | CONFRARIA DE PESCADORES DE ALDÁN-HIO |
| **Plan explotación(1)** | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS |
| **Réxime (2)** | ZONA DE LIBRE MARISQUEO |
| **Modalidade (3)** | A PÉ |

| | |
|---|---|
| **Especies** | *Diopatra neapolitana, Arenicola marina, Hediste diversicolor, Lumbrineris impatiens* |
| **Ambito do plan** | Zona interna da ría de Aldán: Banco de San Cibrán, praia de Vilariño e o Cagallón.<br>Zona externa da ría de Aldán: praias de Area Brava e Castiñeiras. |
| **Subzonas de explotación** | Praia de San Cibrán, praia de Vilariño, O Cagallón, praia de Area Brava e Castiñeiras. |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| 10 | | |
| **Ampliación do número de permex (4)** | Si | **Non** |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| | | |

| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 36 | | | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción (5) :** de 16 de marzo a 30 de outubro. | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade(3):** A PÉ | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| | | X | X | X | X | X | X | X | X | | |

| **Especies** | **A pé (Exemplares/mariscadora/día)** |
|---|---|
| *Hediste diversicolor,* | 80 |
| *Arenicola marina* | 40 |
| *Lumbrineris impatiens* | 10 |
| *Diopatra neapolitana* | 20 |

| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | Sacho, pá e forquita. |
| **Puntos de control** | Lonxa de Aldán. |
| **Puntos de venda** | Centro de venda autorizado |

**Outras consideracións (9)**

En relación co ámbito do plan, manterase a zona de traballo aprobada para o plan de explotación do ano 2008, ante a ausencia de actividade en dito ano, a non xustificación dos obxectivos

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

(productivos e económicos) do plan proposto e as deficiencias na avaliación do recurso presentadas. Por outra banda de Punta Morcegos a Punta Couso é zona incluída no ámbito territorial de Bueu, sen embargo non se presenta o informe favorable desta entidade de acordo co establecido no artigo 3º da Orde de 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia.

De acordo co informe técnico o número máximo de días redúcese a 36, os mesmos que os aprobados para o plan de explotación do ano 2008.

Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:

- Relación das mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade.
- Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº dedividuos/sp capturados.

Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da Orde de 6 de febreiro de 2008, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita. Non se contempla a sal como método a empregar. Ademais o informe técnico non recomenda o emprego de sal nos bancos marisqueiros nos que se explotan ameixa fina, ameixa babosa, berberecho e carneiro..

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.

Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- Presentación dunha avaliación do recurso con un informe das mostraxes completo, composto dos seguintes apartados: introducción e antecedentes, material e métodos (incluíndo o mapa das estacións e coordenadas GPS), resultados e conclusión.
- Controis periódicos da explotación (mostraxes, etc.) así como un seguemento da actividade extractiva realizada (días, capturas, vendas, etc.).
- Elaboración do plan financiero.